



Mondoñedo  
**pensado  
para ti**



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

**Orlando González,**  
para que **Mondoñedo** avance

## **Prezado veciño / Prezada veciña:**

O BNG ten coma obxectivo avanzar na mellora da calidade de vida dos mindonienses poñendo á súa disposición unha lista integrada por persoas responsables e comprometidas, dispostas a xestionar un programa electoral para as Municipais 2007 que pretende dar unha resposta contundente aos desafíos que se lle plantexan na actualidade a Mondoñedo. Benestar social, vivenda, medio ambiente, desenvolvemento local e creación de emprego; son piares básicos que sosteñen a calidade de vida dos cidadáns coma dereitos irrenunciabes na sociedade actual. O Programa electoral do BNG pretende incidir neses dereitos outorgándolles o protagonismo que requiren.

## **Catro anos desaproveitados**

Esta foi a lexislatura das grandes promesas e da ausencia de feitos. A maioría absoluta do Partido Popular en Mondoñedo utilizouse para acometer unha política autoritaria que non tivo en conta a maior parte das propostas do BNG. Polo camiño foron quedando valiosas iniciativas coas que pretendíamos mellorar a calidade de vida dos mindoniense. Entre as propostas que o BNG fixo e foron rexeitadas polo Partido Popular, demostrando deste xeito a súa incapacidade para o diálogo, están as seguintes: redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, mellora de infraestruturas no rural, posta en valor dos recursos turísticos de Mondoñedo, clausura dos depósitos de lixo incontrolados...

## **Para que Mondoñedo avance**

O noso programa de goberno é un contrato cos cidadáns de Mondoñedo para os vindeiros catro anos.

### **Un novo urbanismo**

Redacción e aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que ordene o territorio e planifique con racionalidade a política urbanística.

### **Compromiso co medio ambiente**

Recuperación e saneamento dos ríos Masma, Valiñadares e afluentes para a súa posta en valor. Tratamento dos residuos sólidos urbanos fundamentado na redución, reutilización e reciclaxe. Creación dun Punto Limpo.

### **A mellora do rural**

Dotación das infraestruturas, servizos e equipamentos básicos que incentiven e faciliten as actividades económicas no medio rural. Completar a rede de saneamento e abastecemento de auga en barrios e parroquias. Xestionar a axilización das concentracións parcelarias iniciadas. Fomentar e facilitar o acceso a Internet no medio rural.

### **Políticas sociais**

Creación dun Centro de Día Residencial de titularidade e xestión pública Colaboración co goberno galego e integración no “Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”. Ampliación do servizo de gardería. Dar resposta á demanda asistencial e de ocio en barrios e parroquias.

### **Turismo e patrimonio**

Poñer en valor o noso rico patrimonio histórico-artístico, cultural, etnográfico, natural e paisaxístico como produto turístico de calidade.



1. Manuel Orlando González Cruz

8. Xulio Rodríguez Bermúdez

2. Anxo Díaz García

9. Xosé Marful Díaz

3. Xusto María Fernández Haro

10. María Isabel González García

4. Víctor Vila López

11. Cayetano Rubiños Sanmartín

5. M.<sup>a</sup> Elena Freire Castro

12. Xosé Luís Fernández Rivera

6. Xoan Carlos Bouso Carballeira

13. María Amandina Salgueiro Castro

7. Ena Fernández Lagar

14. Feliciano Berdeal - González Berdeal



## Concellos pensados para ti

Porque o BNG non ten máis obxectivo político que **a defensa dos nosos intereses colectivos como País**, porque queremos transformalo en positivo. Porque practicamos a política da cooperación e participación, por iso **facemos do diálogo a nosa bandeira** nas institucións. Porque entendemos os concellos como un servizo á cidadanía, por iso estamos **por un compromiso ético na xestión** da administración pública e por unha rexeneración democrática na política. Porque entendemos os concellos como peza básica **para transformar a sociedade**, para **mellorar a calidade de vida...**, o benestar, nunha sociedade máis xusta e igualitaria. Para todo iso,

**aquí está o BNG !**

### Municipais2007

Se desexas recibir máis información sobre o Programa e Liña Política do BNG, dirixete a:  
**BNG. Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo.**  
**15703 Santiago de Compostela. GALIZA**

vota



nome e apelidos .....

endereço .....

localidade .....

correo electrónico .....